



CONCELLO DE
OLEIROS

DECRETO

A medio da presente, convócase ós integrantes do órgano que se sinala á sesión que terá lugar na data, hora e lugar expresados, coa fin de tratar os asuntos engadidos na orde do día que se achega:

- Órgano convocado:

Concello Pleno

- **Data:** Xoves, 31 de xullo de 2025

- **Hora:** 20.00 h.

- **Convocatoria:** ordinaria.

- **Lugar:** Salón de Plenos (1º andar de Casa Charry).

orde do día

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 26 de xuño de 2025.

2º.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle da parcela G do plan parcial do sector SUD-4 "Icaria IV".

3º.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual nº 17 do PXOM e do plan parcial do SUD-1 (Cividanes- Mera), para a admisión de vivenda en planta baixa.

4º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual nº 16 do PXOM: cambio de clasificación de tres parcelas en Bastiagueiro.

5º.- Adopción de acordo en orde á solicitude á Deputación Provincial de participación na Segunda Fase do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal - Adicional 2/2025.

6º.- Adopción de acordo en orde á determinación dos dous días de festa local no Concello de Oleiros para 2026.

7º.- Adopción de acordo en orde á desestimación das alegacións do partido PSOE ó expediente de reintegro por pago indebido e aprobación definitiva do acordo de reintegro.

8º.- Aprobación, se procede, do Plan económico-financeiro para o período 2025-2026.

9º.- Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario para ampliación de capital de AQUAOLEIROS, SA, destinado ó financiamento do plan de investimentos da rede de tubaxes aprobado polo consello de administración da mercantil.

10º.- Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro D. Jaime Rumbo Mosquera, adscrito ó grupo municipal de "Alternativa dos Veciños".

11º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2025003236 ata o nº 2025003750.

12º.- Mocións, rogos e preguntas.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer los recursos seguintes:





CONCELLO DE
OLEIROS

a)- Con carácter potestativo poderá vostede interpor un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.

b)- Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un recurso contencioso administrativo diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles que estime procedentes.

Notifíquese a todos os membros da Corporación.

Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde e o secretario accidental, que da fe (asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

